

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

15734 *Real decreto 1365/2018, do 2 de novembro, polo que se aproban as estratexias mariñas.*

A Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, constitúe a transposición ao sistema normativo español da Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña), co principal obxectivo de lograr ou manter un bo estado ambiental do medio mariño como máis tarde no ano 2020. Para a súa consecución, créanse as estratexias mariñas como ferramenta de planificación do medio mariño.

As estratexias mariñas son instrumentos de planificación e constitúen o marco xeral a que deberán axustarse necesariamente as diferentes políticas sectoriais e actuacións administrativas con incidencia no medio mariño. Para isto, aplican un enfoque ecosistémico respecto da xestión das actividades humanas, garanten que a presión conxunta das ditas actividades se manteña en niveis compatibles coa consecución do bo estado ambiental e que non se comprometa a capacidade dos ecosistemas mariños de responder aos cambios inducidos polo home, e permiten, á vez, o aproveitamento sustentable dos bens e servizos mariños polas xeracións actuais e futuras.

As estratexias mariñas consisten na realización dunha serie de actuacións consecutivas. A primeira é a avaliación inicial do estado do medio mariño, que inclúe as características naturais, as presións e impactos derivados das actividades humanas, así como unha análise económica e social da utilización do medio mariño e dos custos da súa deterioración. A segunda tarefa é a determinación do bo estado ambiental, que se debe basear en once descritores establecidos no anexo II da Lei 41/2010, do 29 de decembro. A terceira é o establecemento dunha serie de obxectivos ambientais co fin de orientar o proceso cara á consecución do bo estado ambiental. Cada obxectivo ambiental vén acompañado dun ou de varios indicadores asociados. A cuarta tarefa consiste no establecemento duns programas de seguimento que permitan obter a información necesaria para avaliar adecuadamente o estado ambiental do medio mariño. Por último, débese elaborar e aplicar un programa de medidas para lograr o bo estado ambiental.

En España establecéronse cinco demarcacións mariñas (D.M.): D.M. noratlántica, D.M. suratlántica, D.M. do Estreito e Alborán, D.M. levantino-balear, e D.M. canaria. O ámbito de cada unha delas está fixado no artigo 6.2 da Lei 41/2010, do 29 de decembro. Para cada unha destas demarcacións débese deseñar e aplicar unha estratexia mariña.

Conforme o calendario previsto na disposición adicional cuarta da Lei 41/2010, do 29 de decembro, en 2012 completáronse as tres primeiras actuacións das cinco estratexias mariñas españolas. Os obxectivos ambientais das estratexias mariñas aprobáronse mediante Acordo do Consello de Ministros o 2 de novembro de 2012. O dito acordo e o seu contido foron publicados no «Boletín Oficial del Estado» do 27 de novembro de 2012, mediante Resolución do 13 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, do 2 de novembro de 2012, polo que se aproban os obxectivos ambientais das estratexias mariñas españolas. En 2014 deseñáronse os programas de seguimento, cuxo obxectivo principal é a avaliación continuada do estado ambiental do medio mariño e da consecución dos obxectivos ambientais, así como da efectividade das medidas. Estes programas de seguimento deben proporcionar a información necesaria sobre os elementos e as presións e impactos incluídos na lei, así como sobre os indicadores asociados aos obxectivos ambientais. Por último, a proposta do programa de medidas deseñouse en 2015 e concluíuse, incluída a súa avaliación ambiental estratéxica, mediante a Resolución do 5 de maio de 2017, da

Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se formula declaración ambiental estratéxica do proxecto das estratexias mariñas de España, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 19 de maio de 2017. Paralelamente e, de novo, seguindo os prazos establecidos na citada disposición adicional cuarta, comezou a aplicación e posta en marcha tanto dos programas de seguimento como dos programas de medidas.

Os programas de medidas establecidos, que forman parte das estratexias que se aproban mediante este real decreto, elaboráronse conforme o establecido no artigo 13 da mencionada Lei 41/2010, do 29 de decembro. Estes programas definen as actuacións que hai que levar a cabo para a consecución ou mantemento do bo estado ambiental e dos obxectivos ambientais, e comprenden medidas de diferente natureza, tales como normas aplicables ás actividades con incidencia sobre o medio mariño, directrices sobre os usos do medio mariño, proxectos de actuación, restricións xeográficas ou temporais de usos, medidas de control e redución da contaminación, entre outras.

Os programas de medidas aprobados inclúen a protección espacial para contribuír á constitución de redes coherentes e representativas de áreas mariñas protexidas que cubran adecuadamente a diversidade dos ecosistemas que as compoñen. Ademais, inclúen as zonas mariñas protexidas declaradas de acordo cos convenios internacionais dos cales o Reino de España é parte. A constitución destas redes coherentes e representativas de áreas mariñas protexidas realizarase conforme o establecido na Lei 41/2010, do 29 de decembro. Todo isto con independencia dos traballos e medidas en marcha en materia de ordenación espacial das demarcacións mariñas, conforme o regulado no Real decreto 363/2017, do 8 de abril, polo que se establece un marco para a ordenación do espazo marítimo.

Así mesmo, os programas de medidas inclúen medidas específicas para a protección de especies e tipos de hábitats, en particular, a elaboración e aplicación de estratexias e plans de recuperación e conservación de especies mariñas do Catálogo español de especies ameazadas, así como estratexias e plans de conservación e restauración de hábitats mariños incluídos no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición, definidos na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

O presente real decreto aproba, conforme o establecido no artigo 15 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, as estratexias mariñas do primeiro ciclo (2012-2018), incorporando o programa de medidas, tarefa con que se ultiima este instrumento de planificación. Do mesmo modo, establece os mecanismos polos que as estratexias mariñas se aplicarán e regula o seu calendario de actualización en horizontes temporais de seis anos, para cumprir cos requisitos de xestión adaptativa incluídos na Lei 41/2010, do 29 de decembro, e a Directiva marco sobre a estratexia mariña.

Para a elaboración das estratexias mariñas foi fundamental o labor de coordinación e cooperación interadministrativa. Así, neste primeiro ciclo, creáronse os órganos colexiados que se establecían no artigo 22 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

En primeiro lugar, creouse a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas (CIEM), a través do Real decreto 715/2012, do 20 de abril, polo que se crea a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas. Esta comisión está presidida polo secretario de Estado de Medio Ambiente, e a vicepresidenta é a directora xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar. Desempeñan o cargo de vogais un total de 14 representantes ministeriais, con rango de director xeral ou asimilado. A CIEM é, pois, o órgano colexiado de cooperación entre as diferentes unidades administrativas da Administración xeral do Estado.

Do mesmo modo, como órganos de cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas litorais, creáronse cinco comités de seguimento da estratexia mariña, un por cada unha das cinco demarcacións mariñas. Estes comités, creados pola Orde AAA/705/2014, do 28 de abril, pola que se crean os comités de seguimento das estratexias mariñas e se regula a súa composición, funcións e réxime de funcionamento, son presididos pola directora xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar. Os representantes da Administración xeral de Costas son, con carácter xeral, os xefes das demarcacións de costas de cada unha das cinco demarcacións mariñas. Os representantes

autonómicos son nomeados por cada un dos gobernos autonómicos. Estes comités estanse consolidando como unha ferramenta de cooperación entre as administracións autonómica e estatal, no referente á protección do medio mariño.

Ademais destes dous órganos colexiados, as estratexias mariñas sometéronse a consulta pública en cada unha das súas diferentes fases. Isto incluíu a consulta a Estados membros veciños (tanto dos documentos de estratexias mariñas como do documento de avaliación ambiental estratéxica), e a consulta ao Consello Asesor de Medio Ambiente.

O real decreto consta de seis artigos, catro disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

O articulado establece as disposicións xerais e aproba as estratexias mariñas.

A disposición adicional primeira prevé as actualizacións das estratexias mariñas para cumprir co calendario dos distintos ciclos que establece a Directiva marco de estratexias mariñas. Esta actualización deberá aplicar o contido na Decisión (UE) 2017/848 da Comisión, do 17 de maio de 2017, pola que se establecen os criterios e as normas metodolóxicas aplicables ao bo estado ambiental das augas mariñas, así como especificacións e métodos normalizados de seguimento e avaliación, e pola que se derroga a Decisión 2010/477/UE. Igualmente, incluírá os elementos da nova Directiva (UE) 2017/845 da Comisión, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás listas indicativas de elementos que deben tomarse en consideración á hora de elaborar estratexias mariñas. Esta directiva foi recentemente trasposta a ordenamento español a través do Real decreto 957/2018, do 27 de xullo, polo que se modifica o anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

A disposición adicional segunda establece a publicidade das estratexias mariñas facendo constar as ligazóns web onde se poderán consultar estas.

A disposición adicional terceira describe as competencias da Administración marítima no referente á navegación marítima.

A disposición adicional cuarta establece a necesidade de respectar as actividades de defensa nacional á hora da posta en marcha dos programas de medidas.

A disposición derradeira primeira establece a habilitación competencial que se ampara no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente. Por último, a disposición derradeira segunda establece a eficacia do presente real decreto.

O anexo é un resumo das medidas novas incluídas nos programas de medidas das estratexias mariñas.

O presente real decreto elaborouse conforme os principios que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de necesidade, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen e a Lei 41/2010 prevé a aprobación das estratexias mariñas de primeiro ciclo, de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir, e de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Polo demais, a norma tamén é coherente cos principios de eficiencia, en canto que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e transparencia, ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración.

Durante a súa tramitación, foi sometido a información pública coa participación de numerosos sectores, organismos e entidades representativas involucrados. Igualmente, púxose á disposición da Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas e dos cinco comités de seguimento das estratexias mariñas. Así mesmo, someteuse a debate no seo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, solicitouse informe aos departamentos ministeriais e comunidades autónomas e someteuse a deliberación do Consello Asesor de Medio Ambiente, en aplicación da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de novembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto aprobar as cinco estratexias mariñas de España, conforme o establecido no artigo 15 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O ámbito de aplicación do presente real decreto son as cinco demarcacións mariñas españolas: noratlántica, suratlántica, Estreito e Alborán, levantino-balear e canaria, definidas no artigo 6.2 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, e nos termos estipulados no artigo 2 da dita lei.

2. Non obstante o disposto no número anterior, as estratexias mariñas non serán de aplicación ás augas costeiras definidas no artigo 16 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, en relación con aqueles aspectos do estado ambiental do medio mariño que xa estean regulados no citado texto refundido ou nos seus desenvolvementos regulamentarios, e deberanse cumprir, en todo caso, os obxectivos ambientais establecidos nas estratexias mariñas.

Artigo 3. *Aprobación das estratexias mariñas das cinco demarcacións mariñas españolas.*

1. De acordo co disposto no artigo 15 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, apróbanse as cinco estratexias mariñas:

- a) Estratexia mariña da demarcación mariña noratlántica.
- b) Estratexia mariña da demarcación mariña suratlántica.
- c) Estratexia mariña da demarcación mariña do Estreito e Alborán.
- d) Estratexia mariña da demarcación mariña levantino-balear.
- e) Estratexia mariña da demarcación mariña canaria.

2. A estrutura formal das estratexias mariñas que resultan aprobadas consta dos seguintes documentos:

- a) Parte I. Marco xeral: características da demarcación mariña.
- b) Parte II. Análise de presións e impactos.
- c) Parte III. Análise económica e social.
- d) Parte IV. Descritores do bo estado ambiental (11 documentos, un por cada un dos 11 descritores do bo estado ambiental establecidos no anexo II da Lei 41/2010, do 29 de decembro).
- e) Parte V. Establecemento de obxectivos ambientais.
- f) Parte VI. Programas de seguimento.
- g) Parte VII. Programas de medidas.

As partes I a V constan todas elas dun documento (memoria e anexos) independente por cada unha das cinco demarcacións mariñas.

As partes VI e VII constan todas elas nun só documento (memoria e anexos) no cal se inclúen os programas de seguimento e os programas de medidas para cada unha das cinco demarcacións mariñas.

A dita estrutura formal complétase con tres documentos comúns para as cinco demarcacións mariñas:

- a) Documento marco: avaliación inicial, bo estado ambiental e obxectivos ambientais.

- b) Grupo aves: avaliación inicial e bo estado ambiental.
- c) Grupo mamíferos mariños: avaliación inicial e bo estado ambiental.

3. As partes I a IV, así como os tres documentos comúns, comprenden a avaliación do medio mariño, en cumprimento do establecido no artigo 8 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

4. Tanto a parte IV como os documentos comúns do grupo aves e grupo mamíferos mariños inclúen a definición do bo estado ambiental, en cumprimento do establecido no artigo 9 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

5. A parte V comprende o establecemento de obxectivos ambientais, en cumprimento do establecido no artigo 10 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, os cales foron aprobados por Acordo de Consello de Ministros do 2 de novembro de 2012, publicado no «Boletín Oficial del Estado», do 27 de novembro, pola Resolución do 13 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente. Os obxectivos poden consultarse na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica, no seguinte enderezo: <https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/estrategias-marinas/default.aspx>.

6. A parte VI comprende os programas de seguimento, en cumprimento do establecido no artigo 11 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

7. A parte VII comprende os programas de medidas, en cumprimento do establecido no artigo 13 da Lei 41/2010, do 29 de decembro. Os programas de medidas das estratexias mariñas comprenden un conxunto tanto de medidas existentes como novas. As medidas novas das estratexias mariñas, así como as autoridades competentes para a súa aplicación, están recollidas no anexo I.

Artigo 4. *Aplicación das estratexias mariñas.*

1. A Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar aplicará os programas de seguimento da súa competencia establecidos na parte VI das estratexias mariñas de modo que se xere a información necesaria para a súa actualización periódica prevista no artigo 20 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

2. A Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar establecerá mecanismos de intercambio de información coas diferentes administracións competentes, de modo que se garanta que a información xerada polos programas de seguimento establecidos na parte VI das estratexias mariñas, e que levan a cabo as ditas administracións, contribúa á actualización periódica prevista no artigo 20 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de acordo co disposto na disposición adicional primeira deste real decreto. No caso da información relativa ao estado e calidade das augas costeiras das diferentes demarcacións hidrográficas, estes mecanismos basearanse no establecido no artigo 30 do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental.

3. De acordo co artigo 7 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, as administracións responsables aplicarán as novas medidas que sexan da súa competencia establecidas no anexo, de modo que se avance cara á consecución dos obxectivos ambientais das estratexias mariñas. Tamén de acordo co artigo 7, o resto das medidas existentes serán aplicadas polas administracións responsables conforme o disposto na parte VII, e estas deberán informar con carácter previo a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar no suposto de que, por causa xustificada, non poidan proceder á súa aplicación ou facelo no tempo previsto para a dita medida, para efectos de poder considerar alternativas.

Artigo 5. *Coordinación e cooperación na aplicación das estratexias mariñas.*

1. A Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas, establecida por Real decreto 715/2012, do 20 de abril, polo que se crea a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas, será o órgano de coordinación entre as autoridades competentes da Administración xeral do Estado en materia de aplicación das estratexias mariñas, incluídos os seus programas de seguimento e programas de medidas.

2. Os cinco comités de seguimento da estratexia mariña, establecidos por Orde AAA/705/2014, do 28 de abril, pola que se crean os comités de seguimento das estratexias mariñas e se regula a súa composición, funcións e réxime de funcionamento, serán os órganos de cooperación entre as autoridades competentes da Administración xeral do Estado e administracións das comunidades autónomas en materia de aplicación das estratexias mariñas, incluídos os seus programas de seguimento e programas de medidas.

3. Poderanse establecer outros mecanismos de colaboración e cooperación cando se considere necesario e, de ser posible, utilizaranse os mecanismos xa existentes, como os comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas, o Comité de Espazos Naturais Protexidos ou o Comité de Flora e Fauna Silvestres, estes dous últimos adscritos á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Artigo 6. *Informes de cumprimento.*

1. A Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar elaborará un informe sexenal sobre o grao de execución das cinco estratexias mariñas, incluídos os seus programas de seguimento e programas de medidas. O primeiro dos informes deberá estar dispoñible o 31 de decembro de 2018.

2. Para a elaboración dos ditos informes, terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, e solicitarase a información correspondente á Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas e aos cinco comités de seguimento das estratexias mariñas.

3. Os informes de cumprimento poranse á disposición do público na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e poderán contribuír para a elaboración das notificacións á Comisión Europea que sexan requiridas.

Disposición adicional primeira. *Actualizacións das estratexias mariñas.*

1. As cinco estratexias mariñas actualizaranse cada seis anos, a partir do calendario establecido na disposición adicional cuarta da Lei 41/2010, do 29 de decembro. Esta actualización incluirá:

a) Unha actualización da avaliación inicial do medio mariño, a definición do bo estado ambiental e o establecemento dos obxectivos ambientais, como máis tarde o 15 de xullo de 2018. Esta revisión afectará as partes I a V das estratexias mariñas, así como os documentos comúns. A actualización repetirase en ciclos de 6 anos contados desde o 15 de xullo de 2018.

b) Unha actualización dos programas de seguimento das estratexias mariñas, como máis tarde o 15 de xullo de 2020. Esta revisión realizarase tendo en conta o establecido no punto a) do presente número, e afectará a parte VI das estratexias mariñas. A actualización repetirase en ciclos de 6 anos contados desde o 15 de xullo de 2020.

c) Unha actualización dos programas de medidas das estratexias mariñas, como máis tarde en 2021. Esta revisión realizarase tendo en conta o establecido no punto a) do presente número, e afectará a parte VII das estratexias mariñas. A actualización repetirase en ciclos de seis anos contados desde o 31 de decembro de 2021.

2. Os documentos xerados en cada un dos puntos anteriores serán sometidos a un proceso de información e participación pública, seguindo o establecido no artigo 21 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

3. Se como resultado da actualización cómpre modificar os obxectivos ambientais, a dita actualización someterase de novo a aprobación mediante acordo de Consello de Ministros e cumpriranse os mesmos trámites que os previstos para a aprobación da estratexia. En caso de modificarse o programa de medidas, a nova proposta aprobarase mediante real decreto.

Disposición adicional segunda. *Publicidade.*

1. Dado o carácter público das estratexias mariñas, poderase acceder ao seu contido nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, así como na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Por outra parte, esta información estará dispoñible na sección de estratexias mariñas da páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica:

a) Documentos marco e comúns para as cinco demarcacións mariñas: https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/estrategias-marinas/em_documento_marco.aspx

b) Demarcación mariña noratlántica: <https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/estrategias-marinas/demarcacion-noratlantica/default.aspx>

c) Demarcación mariña suratlántica: <https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/estrategias-marinas/demarcacion-sudatlantica/default.aspx>

d) Demarcación mariña levantino-balear: <https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/estrategias-marinas/demarcacion-estrecho-alboran/default.aspx>

e) Demarcación mariña do Estreito e Alborán: <https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/estrategias-marinas/demarcacion-levantino-balear/default.aspx>

f) Demarcación mariña canaria: <https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/estrategias-marinas/demarcacion-canaria/default.aspx>

Disposición adicional terceira. *Navegación.*

A aplicación das medidas incluídas neste real decreto, ou outras con análoga incidencia no réxime xeral da navegación, terán en conta as competencias da Administración marítima no marco establecido na Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima.

Disposición adicional cuarta. *Defensa nacional.*

Calquera actuación das administracións competentes na aplicación das estratexias mariñas que dimane deste real decreto e do seu anexo, ou da súa normativa de aplicación ou desenvolvemento, e que incida sobre zonas declaradas de interese para a defensa nacional ou zonas de seguridade de instalacións militares e o seu espazo aéreo, ou que impliquen establecer limitacións ou prohibicións á navegación de buques da Armada ou ao voo de aeronaves militares, necesitará o informe preceptivo do Ministerio de Defensa, co fin de evitar que estas poidan supor mingua ou quebrantamento da operatividade militar e do dito interese da defensa nacional.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

O presente real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de novembro de 2018.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ

ANEXO

Medidas novas incluídas nos programas de medidas das estratexias mariñas

Temática	Medida nova	Autoridade responsable	Demarcación/s mariña/s onde se aplicará
Biodiversidade	BIO1. Plan de conservación da candorca do Estreito e Golfo de Cádiz	DXSCM	ESAL/ SUD
	BIO2. Estratexia de conservación de sapoconchos mariños en España	DXSCM/CCAA	Todas
	BIO 3. Estratexias/plans para a redución da captura accidental de vertebrados protexidos (aves, sapoconchos, mamíferos mariños e elasmobranquios) en artes de pesca	DXSCM / SXP / CCAA	Todas
	BIO 6. Estratexias de conservación para taxons de aves mariñas ameazadas	DXSCM/CCAA	Todas
	BIO 7. Plans de conservación para especies mariñas ameazadas	DXSCM/CCAA	Potencialmente en todas
	BIO 8. Análise de risco de captura accidental de sapoconchos, cetáceos e aves mariñas	DXSCM/CCAA	Todas
	BIO9. Proxectos demostrativos para a mitigación e redución das capturas accidentais de sapoconchos, aves, mamíferos e elasmobranquios protexidos e outras especies non obxectivo das diferentes artes de pesca	DXSCM / SXP / FBIO	Todas
	BIO10. Regulacións de pesqueiras para reducir as capturas accidentais (con base no detectado na medida BIO8 e no coñecemento xa dispoñible)	SXP/CCAA	Depende das pesqueiras
	BIO12. Establecer protocolos que melloren a supervivencia poscaptura específicos para diferentes artes de pesca e asegurar a súa aplicación	SXP / DXSCM / CCAA	Todas
	BIO13. Directrices sobre ordenación da actividade náutica recreativa	DXSCM/DXMM/CCAA	Todas
	BIO15. Mellora do coñecemento: promoción de estudos de investigación sobre aves, sapoconchos, zonas de recrutamento, así como sobre o impacto das actividades humanas nas especies e hábitats	MITECO/ FBIO/ MCIU/ IEO/ CSIC/ CCAA	Todas
	BIO17. Protocolo de actuación ante eventos de anillamento de sapoconchos no litoral español e posible adopción de medidas de protección en praias óptimas para a incubación de postas	DXSCM/ CCAA/ entidades locais	LEBA/ ESAL/ CAN e potencialmente SUD
	BIO18. Modificación do Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores	DXRP	Todas
	BIO19. Actualización do diario electrónico de pesca para sistematizar a toma de datos de captura accidental	DXOPA	Todas
	BIO20. Mellora do seguimento das pesqueiras artesanais (tipo VMS)	Rexión de Murcia / Principado de Asturias	LEBA/NOR
	BIO29. Coordinación das medidas de protección e conservación de zonas de nidificación de aves mariñas	Goberno de Canarias	CAN
	BIO31. Actuacións relacionadas coa redución dos riscos de colisión en grandes embarcacións	DXMM / DXSCM	ESAL / LEBA / CAN
	BIO34. Programa de prospección e procesamento de datos do fondo mariño: continuación do Proxecto ESPACE	DXRP / IEO	NOR/ SUD/ ESAL/ LEBA
	BIO 36. Directrices sobre a aceptabilidade da area de achega a praias	DXSCM	Todas
	BIO41. Exploración de métodos alternativos de captura de crustáceos de baixo impacto no medio mariño	DXRP	Todas
BIO42. Establecemento de zonas libres de arrastre / incremento de zonas de exclusión en áreas de plataforma, con base nos resultados do Proxecto ESPACE (medida relacionada con BIO34)	DXRP	NOR/ SUD/ ESAL/ LEBA	
BIO46. Elaboración de directrices sobre arrecifes artificiais	DXSCM	Todas	
BIO47. Promover un selo de calidade para as actividades recreativas de observación de cetáceos (incluída a actividade de pesca turística)	DXSCM	Todas	
BIO48. Proxecto MISTIC SEAS: «Macaronesian islands standard indicators and criteria: reaching common grounds on monitoring marine biodiversity in Macaronesia»	DXSCM / FBIO / IEO	CAN	
BIO49. Proxecto ECAPRHA: Applying an ecosystem approach to (sub) regional habitat assessments (EcApRHA): addressing gaps in biodiversity indicator development for the OSPAR Region from data to ecosystem assessment	IEO	NOR/ SUD	

Temática	Medida nova	Autoridade responsable	Demarcación/s mariña/s onde se aplicará
Espazos mariños protexidos	EMP1. Plan director da RAMPE	DXSCM	Todas
	EMP2. Elaboración e posta en marcha dos plans de xestión dos LIC Rede Natura de competencia estatal propostas por INDEMARES	DXSCM / FBIO	Todas
	EMP3. Elaboración e posta en marcha dos plans de xestión das ZEPa de competencia estatal	DXSCM	Todas
	EMP4. Revisión dos plans de xestión das ZEC macaronésicas e do ZEC El Cachucho	DXSCM	NOR/ CAN
	EMP9. Análise da potencial creación e apoio á implementación dunha marca de calidade «Rede Natura 2000» para favorecer a comercialización de produtos e servizos compatibles cos obxectivos de xestión da Rede Natura	DXSCM/ DXOPA/ DXBICA / FBIO	Todas
	EMP10. Xestión e seguimento de reservas mariñas	DXRP/ CCAA	ESAL/ LEBA/ CAN
	EMP11. Sensibilización / divulgación en reservas mariñas	DXRP / Generalitat de Catalunya	ESAL/ LEBA/ CAN
	EMP12. Elaboración de estudos para a designación de futuros EMP	DXSCM	Todas
	EMP13. Declaración de novos EMP (segundo o identificado na medida EMP12) (1)	DXSCM	Todas
	EMP15. Plan de vixilancia de Posidonia oceánica en Baleares	Govern de les Illes Balears/ consellos insulares/ Rexión de Murcia/ concellos / DXSCM	LEBA
	EMP16. Ampliación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre do Arquipélago de Cabrera	Govern de les Illes Balears / OAPN	LEBA
	EMP17. Elaboración e posta en marcha de instrumentos de xestión dos espazos mariños protexidos (diferentes aos mencionados en EMP2, EMP3 e EMP4)	DXSCM/CCAA	Todas
Especies alóctonas e invasoras	EAI1. Mellora do coñecemento sobre as especies invasoras e sobre outras cuestións	MCIU / CSIC / IEO / FBIO / CCAA / SOCIB	Todas
	EAI2. Sistemas de alerta, detección temperá e erradicación rápida de especies exóticas invasoras	Autoridades competentes de acordo co artigo 10 do RD 630/2013	Todas
	EAI3. Aplicación de móbil para alerta e detección temperá de especies alóctonas e invasoras en parques nacionais	OAPN / CCAA	NOR/LEBA
Especies explotadas comercialmente	EC1. Paralizacións definitivas con base no plan de acción da frota	SXP / CCAA	Todas
	EC2. Cesamento temporal da actividade (segundo o artigo 33 do Reg. FEMP)	SXP/ CCAA	Todas
	EC4. Accións orientadas ao cumprimento da política de descartes	SXP / CCAA	Todas
	EC5. Fomento de colaboración entre científicos e sector pesqueiro	FBIO / CCAA / SXP	Todas
	EC6. Actuacións relacionadas co mantemento do Programa nacional de datos básicos (artigo 77)	SXP / IEO / CCAA	Todas
	EC7. Reforzo dos labores de control (artigo 76)	SXP / CCAA	Todas
	EC8. Redución da cota de pesca de coral vermello por persoa e ano (RD 629/2013)	DXRP/CCAA	SUD / ESAL / LEBA
	EC9. Plan de xestión para a frota de palangre no Mediterráneo	DXRP	ESAL / LEBA
	EC10. Fomentar os plans de xestión e coxestión da pesca e o marisqueo en augas do Mediterráneo (Generalitat de Catalunya)	Generalitat de Catalunya	LEBA
	Eutrofización, contaminantes e os seus efectos, e contaminantes nos produtos da pesca	CONT1. Reforzo do Plan Ribera	DXSCM
CONT2. Estratexia para o rescate e recuperación de fauna petroleada		DXSCM	Todas
CONT3. Elaboración de protocolos / procedementos operativos para a correcta implantación do Plan nacional de resposta ante a contaminación do medio mariño		SASEMAR / DXMM	Todas
CONT4. Directrices para verteduras terra-mar		DXSCM / CCAA	Todas
CONT5. Aprobación como real decreto das directrices de xestión do material dragado		CIEM	Todas
CONT7. Reforzo do Plan nacional de salvamento		DXMM	Todas
CONT8. Traballos preparatorios relativos ao Plan de acción do Protocolo Offshore UNEP-MAP (Protocolo para a protección do mar Mediterráneo contra a contaminación resultante da exploración e a explotación da plataforma continental, o solo e o subsolo)		AXE (MITECO / MFOM)	LEBA/ESAL
CONT12. Redacción dos plans interiores marítimos		DXMM / PdE	Todas
CONT13. Guía para a manipulación de graneis líquidos en portos		PdE	Todas
CONT14. Mellora do coñecemento en aspectos relacionados coa contaminación mariña		MCIU/CSIC/ IEO	Todas
Alteracións das condicións hidrográficas	AH1. Impulso aos traballos en oceanografía operacional, tanto na vertente de observación en tempo real como na de predición	MCIU/ IEO/ CSIC/ SOCIB/ Gobierno Balear	LEBA / ESAL (posiblemente extensible a outras DM)

Temática	Medida nova	Autoridade responsable	Demarcación/s mariña/s onde se aplicará
	Medidas para a prevención de lixo mariño procedente de fontes marítimas		
	BM1. Implantación dun sistema de tarificación fixa en portos autonómicos similar ao regulado no RDL 2/2011	CCAA	LEBA
	BM3. Impulso de proxectos dirixidos á redución, reutilización e reciclaxe de determinados materiais como polistireno expandido (EPS) ou redes de pesca	FBIO / CCAA / MCIU / CDTI	Todas
	BM4. Impulso de proxectos e iniciativas innovadoras na vertente ambiental das tecnoloxías e procesos do sector pesqueiro e acuícola	FBIO/ CCAA / MCIU / CDTI	Todas
	BM6. Mellora da xestión de residuos nos portos	Portos do Estado / autoridades portuarias / CCAA	Todas
	BM7. Impulso de proxectos para unha mellor xestión dos residuos a bordo de buques de pesca ou nas instalacións de acuicultura	FBIO / CCAA/ MCIU / CDTI / DXMM	Todas
	Medidas para a prevención de lixo mariño procedente de fontes terrestres		
	BM8. Elaboración de plans autonómicos de xestión de residuos	CCAA	Todas
	BM9. Revisión normativa que afecta a aplicación da responsabilidade ampliada do produtor do produto	DXBICA	Todas
	BM10. Aplicación das medidas contidas na norma que traspoñía a Directiva 2015/720 pola que se modifica a Directiva 94/62/CE no que se refire á redución do consumo de bolsas de plástico lixeiras	DXBICA / CCAA	Todas
	BM11. Estudo sobre as cantidades de lixo mariño (incluídos microplásticos) procedente das plantas de tratamento de augas residuais e proposta de medidas específicas para seren incorporadas nos plans de bacía (3º ciclo)	DXSCM	Todas
	BM12. Asegurar a inclusión de referencias explícitas ao lixo mariño en todo instrumento de xestión de residuos que se promova no futuro	DXSCM / CCAA	Todas
	BM13. Investigación sobre aspectos ecolóxicos dos microplásticos. Acción piloto JPI Oceans: proxectos BASEMAN, EPHEMARE, PLASTOX	MCIU / IEO / U. da Coruña / U. de Vigo / U. de Murcia / U. do País Vasco	Todas
	BM14. Estudo sobre cuantificación de fontes de microplásticos e identificación de posibles medidas para a súa redución na fonte	DXSCM	Todas
	BM28. Normas de dimensionamento de tanques de tormenta	DXA	Todas
	BM29. Plan de tratamento ou evacuación a vertedoiro controlado en Melilla de residuos de papel e derivados e de plásticos (illas Chafarinas).	OAPN	ESAL
	Medidas para a retirada de lixo mariño		
	BM5. Promover a instalación de puntos limpos nas dársenas pesqueiras	SXP / FBIO / autoridades portuarias / CCAA / entidades locais	Todas
	BM17. Desenvolvemento de documento marco para desenvolver un esquema coherente de «pesca de lixo»	DXSCM	Todas
	BM18. Impulso e financiamento de actividades de «pesca de lixo»	SXP / FBIO / CCAA	Todas
	BM19. Financiación de actividades de limpeza de ríos, praias, flotantes e fondos mariños superficiais	FBIO/ CCAA / concellos / OAPN	Todas
	BM21. Estudo de hotspots de lixo mariño (zonas de maior acumulación ou zonas especificamente vulnerables con presenza de lixo)	DXSCM / IEO	Todas
	BM22. Campañas de limpeza dirixidas a lugares identificados de acumulación de lixo mariño	DXSCM / FBIO	Todas
	BM23. Elaboración dun protocolo de actuación para a avaliación, inventario, clasificación e toma de datos sobre artes de pesca perdidas ou abandonadas, que representan unha ameaza para a conservación de hábitats e especies en zonas da RN 2000.	DXSCM	Todas
	BM26. Creación e mantemento dunha base de datos nacional sobre obxectos recollidos nas actividades de «pesca de lixo».	DXSCM	Todas
	Medidas de sensibilización e divulgación sobre a problemática do lixo mariño		
	BM20. Promoción e coordinación de eventos participativos de limpeza de lixo mariño como ferramenta de concienciación cidadá	DXSCM	Todas
	BM 24. Preparación de materiais de sensibilización/comunicación, con posibilidade de incluír unha campaña mediática de concienciación	DXSCM / FBIO	Todas
	BM25. Constitución dun grupo técnico sobre lixo mariño como foro de coordinación/discusión acerca da problemática do lixo mariño e as súas posibles solucións	DXSCM	Todas
	BM27. Creación da figura de «Gardiáns da praia», dirixida a asociacións, organizacións ambientais, pescadores, asociacións pesqueiras e outros colectivos e dunha Rede de organizacións «gardíás» que vele pola preservación ambiental dos ríos e praias e a concienciación respecto a esta problemática a nivel local, autonómico e nacional	FBIO	Todas
Ruído submarino	RS1. Regulación sobre criterios para os proxectos xeradores de ruído submarino e para a elaboración de ESIa destes proxectos.	DXSCM	Todas

Temática	Medida nova	Autoridade responsable	Demarcación/s mariña/s onde se aplicará
Medidas horizontais	H1. Regulamento de criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas, conforme o artigo 3.3 da Lei 41/2010	DXSCM	Todas
	H2. Desenvolvemento dunha estratexia de visibilidade e difusión das EEMM	DXSCM	Todas
	H4. Programa de difusión en colexios	DXSCM / OAPN (a través do CENEAM) / FBIO	Todas
	H5. Proxecto ACTIONMED: Action Plans for Integrated Regional Monitoring Programmes, Coordinated Programmes of Measures and Addressing Data and Knowledge Gaps in Mediterranean Sea	IEO	LEBA / ESAL
	H6. ITI «Mar Menor»	Rexión de Murcia	LEBA
	H10. Programas de formación dirixidos a pescadores, observadores a bordo, persoal de redes de encallamentos, e formación de xestores da Administración e axentes da autoridade	DXSCM / SXP / OAPN (a través do CENEAM)/ IEO/ CCAA/ FBIO	Todas
	H11. Programas de sensibilización dirixidos a usuarios de praias, empresas de turismo náutico-recreativo, así como aos sectores pesqueiro e agrícola e á sociedade civil en xeral	DXSCM / OAPN (a través do CENEAM) / CCAA / FBIO	Todas
	H12. Elaboración e implementación dun currículo relacionado co respecto e protección dos cetáceos, sapoconchos, aves mariñas e elasmobranquios protexidos, así como co lixo mariño, nos cursos oficiais de patrón de barco do sector recreativo e pesqueiro	DXSCM/ DXMM / DXOPA/ MEFP/ CCAA	Todas
	H13. Impulso de proxectos innovadores que melloren a sustentabilidade das instalacións de acuicultura	FBIO	Todas
	H14. Fomento do emprendemento: prevención (innovación empresarial) e xestión (apoio á creación de novas empresas)	FBIO / CDTI	Todas

(1) Esta medida inclúe, entre outros espazos, a protección da área mariña protexida «corredor de migración de cetáceos», recentemente declarada mediante o Real decreto 699/2018, do 29 de xuño, polo que se declara área mariña protexida o corredor de migración de cetáceos do Mediterráneo, se aproba un réxime de protección preventiva e se propón a súa inclusión na Lista de zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (Lista ZEPIM) no marco do Convenio de Barcelona.

Acrónimos demarcacións mariñas: NOR: noratlántica; SUD: suratlántica; ESAL: Estreito e Alborán; LEBA: levantino-balear; CAN: canaria.

Acrónimos autoridades competentes: AXE: Administración xeral do Estado; CARM: Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia; CCAA: comunidades autónomas litorais; CDTI: Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial; CEDEX: Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas; CENEAM: Centro Nacional de Educación Ambiental; CIEM: Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas; CSIC: Centro Superior de Investigacións Científicas; DXA: Dirección Xeral da Auga; DXBICA: Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental; DXMM: Dirección Xeral da Mariña Mercante; DXOPA: Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura; DXRP: Dirección Xeral Recursos Pesqueiros; DXSCM: Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar; FBIO: Fundación Biodiversidade; IEO: Instituto Español de Oceanografía; MCIU: Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades; MITECO: Ministerio para a Transición Ecolóxica; MEFP: Ministerio de Educación e Formación Profesional; MFOM: Ministerio de Fomento; OAPN: Organismo Autónomo Parques Nacionais; PdE: Portos do Estado; SXP: Secretaría Xeral de Pesca (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación); SOCIB: Sistema de Observación Costeiro das Illes Balears.